

OLA FAMILIA!

Aínda que non o pareza, a estación das flores comezou oficialmente o venres 20 ás 4 e 20, por iso, quero deixarvos algunas ideas para traballar a primavera nestes días, espero que sexan amenas e que vos sirvan para pasar un bo anaco!

⇒ **Introducción** do tema: capítulo de [Caillou](#) (7 min).

⇒ **Falar da primavera**: explicar por que comezou este día (isto depende de como encaixan os anos bisestos no calendario e a órbita da Terra ao redor do Sol), cando comeza a seguinte estación (20 de xuño), a roupa que usaremos, cousas típicas da estación (as flores, o tempo, a cantidade de horas de luz no día)...

⇒ **Descubrir a FLORA**: podedes facer algunas manualidades coma:



Terrario




Flores con rolo de papel



Maceta con fieltro e lá

(pinchando na imaxe dirixe a un vídeo/web onde explica como facelo)

⇒ **Traballar coa FAUNA**: aproveitando os rollos de papel ou outros materiais pódense facer bolboretas, xoaniñas, abelliñas... insectos que vemos moito nesta estación.



Con todo isto podedes decorar as vosas casas, metendo un pouco de primavera dentro delas. Ademais para as ventás podedes facer debuxos con flores, animais... e decoralas de este xeito tamén.

⇒ **Cancións:** non hai que perder o ritmo nestes días por iso pónovos por aquí unhas cancións relacionadas coa primavera:

- A primavera <https://www.youtube.com/watch?v=MuLHfNXP0C8&feature=youtu.be>
- A horta de balbina <https://www.youtube.com/watch?v=OptIu0jyiIE>
- La primavera- Vivaldi <https://www.youtube.com/watch?v=5Eaxcioiy2w>
- La primavera trompetera- Los delincuentes <https://www.youtube.com/watch?v=tALyzocXLIs>
- Here Comes The Sun- The Beatles <https://www.youtube.com/watch?v=xUNqsfFUwhY>

⇒ **Os alimentos da primavera:** para traballar os alimentos típicos da estación podemos facer unha lista con recortes de folletos do supermercado, buscar na casa o que hai e separalo segundo sexa ou non típico da primavera...

⇒ **Experimento do arco da vella:** nesta estación de chuvia e sol podemos ser moi afortunados e afortunadas e ver de vez en cando o arco da vella, pero se iso non sucede, podemos recrealo na casa, déixovos aquí a explicación: <https://www.xn--experimentosparanios-l7b.org/experimento-arcoiris-casero/>



⇒ **Sesión de ioga:** para facer unha sesión de relaxación, importante nestes días de tensión, podemos xogar a que somos flores. Deste xeito irémonos estirando con forme imos crecendo, cun son de paxaros de fondo

E para finalizar podemos xogar a pensar que cando saímos poderemos pasar horas e horas nos parques xogando aproveitando o bo tempo que trae a primavera.

Para calquera cousa podedes contactar comigo a través do correo:

victoriafernandezrodriguezz@gmail.com

Con moitas ganas de ver os e as pequés!

TODO IRÁ BEN!

